

MEMORIA DE ACTIVIDADES

2023

CENTRO DE DÍA

• **amora|ia** •

ÍNDICE

	INTRODUCCIÓN	3
	RECURSOS HUMÁNS	4
XESTIÓN DE SOLICITUDE DE INFORMACIÓN		5
	PROGRESIÓN DE INGRESOS	6
	PERFIL DE USUARIOS	7
	ANÁLISE DE BAIXAS	9
PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES		10
	ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS	12
	XESTIÓN DO TRANSPORTE	19
	MANUTENCIÓN	20

INTRODUCCIÓN

AMORALIA Centro de Día atópase no Concello de Tui, nunha zona tranquila pero ben comunicada. Trátase dun edificio de recente construción ideado para dar facilidades aos nosos usuarios/as e conseguindo un ambiente acolledor, moderno, de fácil acceso e gran habitabilidade.

O centro foi concibido para unha capacidade de 58 persoas, ofrecendo atención diúrna de luns a venres, en horario de 08:30h a 19:30h. O noso reto é brindar calidade de vida e benestar ós nosos usuarios, a través da estimulación das funcións físicas, cognitivas e emocionais, como tratamento non farmacolóxico.

Contamos con atención personalizada ás capacidades, necesidades e intereses dos nosos usuarios/as e das súas familias, co compromiso permanente de acadar os máximos niveis de calidade.



En AMORALIA Centro de Día proporciónanse un amplo abano de actividades e servizos para conseguir que os nosos usuarios/as manteñan e/ou melloren o seu grado de autonomía, tanto a nivel cognitivo como físico. Entre eles podemos citar:

Atención Rehabilitadora

- Atención persoal e coidados xeriátricos
- Terapia ocupacional
- Ximnasia xerontolóxica
- Rehabilitación das ABVD e das AIVD.

Atención Psicosocial

- Atención psicolóxica
- Animación
- Ocio

Servizos complementarios

- Podoloxía
- Perruquería
- Comedor
- Transportes adaptados
- Xestión de farmacia
- Produtos de apoio
- Mobiliario xeriátrico

RECURSOS HUMÁNS



CAMINO COGOLLUDO, ROSA
DIRECTORA/PSICÓLOGA



BAZ FERNÁNDEZ, ÁNGELA
ANIMADORA SOCIOCULTURAL



BELLO GÓMEZ, SILVIA
TERAPEUTA OCUPACIONAL



MELO MARTÍNEZ, MARÍA VICTORIA
AUXILIAR DE XERIATRÍA



GÓMEZ ESTÉVEZ, ROCÍO
AUXILIAR DE XERIATRÍA




MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, SILVIA
AUXILIAR DE XERIATRÍA



ÁLVAREZ VILA, PILAR
AUXILIAR DE XERIATRÍA

XESTIÓN DE SOLICITUDE DE INFORMACIÓN

SOLICITUDE DE INFORMACIÓN



MES	Nº DE SOLICITUDES INFORMACIÓN
XANEIRO	4
FEBREIRO	2
MARZO	1
ABRIL	3
MAIO	1
XUÑO	2
XULLO	5
AGOSTO	7
SETEMBRO	2
OUTUBRO	5
NOVEMBRO	3
DECEMBRO	4

PROGRESIÓN DE INGRESOS

MES	Nº USUARIOS/AS	Nº INGRESOS	Nº BAIXAS	Nº XORNADAS CON COMIDA	Nº XORNADAS PARCIAIS
XANEIRO	51	3	2	28	23
FEBREIRO	51	2	5	27	24
MARZO	47	1	2	25	22
ABRIL	45	1	1	24	21
MAIO	45	1	1	24	21
XUÑO	45	1	0	24	21
XULLO	45	3	3	27	18
AGOSTO	48	4	1	28	20
SETEMBRO	49	0	0	27	22
OUTUBRO	52	4	2	29	23
NOVEMBRO	52	0	1	29	23
DECEMBRO	52	1	1	28	24


PERFIL DE USUARIOS

Na seguinte táboa especificácase o número de usuarios por sexo, tendo en conta tódalas persoas que foron usuarios/as no 2023, polo que se inclúen aquelas que xa foron baixa.


Nº DE USUARIOS MULLERES 49

Nº DE USUARIOS HOMES 21

USUARIOS POR IDADES




USUARIOS POR SEXO




Respecto á procedencia, as persoas que asisten ó Centro de Día Amoralia residen nunha ampla maioría no concello de Tui. Ademais acoden persoas de outras localidades como Tomiño, Porriño ou Salvaterra do Miño.

USUARIOS POR LOCALIDADES



Se temos en conta o grado de dependencia dos nosos usuarios, en función da puntuación acadada na escala Barthel, case o 50% teñen dependencia leve.

USUARIOS POR LOCALIDADES




ANÁLISE DE BAIXAS

FALECIMENTO	2
EMPEORAMENTO DA SÚA SAÚDE	4
CAMBIO DE RECURSO	8
NON ADAPTACIÓN AO CENTRO	-
INSATISFACCIÓN DOS SERVIZOS DO CENTRO	-
MELLORÍA DA SÚA SAÚDE	-
OUTRAS (INDICAR)	5

Cando dicimos “outras” no análise de baixas, os motivos fundamentais foron o medo ó contaxio por COVID-19 e o cambio de certas circunstancias familiares.

MOTIVO DA BAIXA



PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

BREVE DESCRICIÓN XENÉRICA DAS ACTIVIDADES DIARIAS DESENVOLTAS EN HORARIO DE MAÑÁ:

A mañá comeza co taller de Estimulación Cognitiva. Nel trabállanse diferentes aspectos coma o cálculo, a lectoescritura, a atención, a memoria ou o razoamento a través dun caderno de actividades individualizado, acorde ó deterioro cognitivo de cada persoa. Posteriormente, e tralo tentempé de media mañá, poténciase a actividade física a través do tempo libre para o paseo no centro de día ou no xardín (se as condicións climatolóxicas o permiten). Tras estirar as pernas, realízanse outras actividades de psicomotricidade e de ocio.

A continuación, e co grupo xa completo, ten lugar a Orientación á Realidade. Nesta actividade empréganse un conxunto de técnicas (traballo co calendario, santoral e festividades de cada día, efemérides, etc.) coas que a persoa toma conciencia da súa situación no tempo (orientación temporal), no espazo (orientación espacial) e respecto á súa propia persoa (orientación persoal).

Por último, e para finalizar a xornada de mañá, comeza a Xerontoximnasia, co fin de manter e/ou mellorar as funcións motoras das persoas usuarias.


BREVE DESCRICIÓN XENÉRICA DAS ACTIVIDADES DIARIAS DESENVOLTAS EN HORARIO DE TARDE:

Polas tardes mantense a rutina de actividades da mañá. A primeira hora realízanse tarefas relacionadas coa estimulación cognitiva, para logo dar paso á xerontoximnasia. Despois da merenda teñen lugar outro tipo de actividades, levadas a cabo dentro dun marco máis distendido; están relacionadas coa psicomotricidade e co ocio como poden ser os xogos cooperativos.

Cabe destacar, pola súa banda, que tanto en quenda de mañá coma de tarde se realizan outras actividades, en función do día da semana, tales coma o bingo, as manualidades, tarefas manipulativas, musicoterapia, etc. Todas elas co fin de que as persoas que veñen a media xornada poidan gozar do mesmo tipo de actividades que as persoas de xornada completa.

PROGRAMACIÓN DE TEMPADA

No centro de día Amoralia leváronse a cabo diferentes actividades en función da época estival. Para elo, tivéronse en conta as capacidades, gustos e preferencias das persoas usuarias. O que se intenta con esta programación é estimular compoñentes como a atención, coordinación, orientación temporal, capacidade de dar continuidade a unha actividade, psicomotricidade ou traballo en equipo. Elaboramos distintas decoracións para o Nadal, Samaín, Entroido, primavera...



ACTIVIDADES EXTRAORDINARIAS

REIS (04/01/2023)

Nesta ocasión tivemos o pracer de recibir a visita das súas maxestades, os Reis Magos de Oriente, acompañados do grupo de pandereteiras de Ribadelouro "Arrancaxestas". Non faltou a tradicional rosca de reis para adoarnos a tarde.



ACTUACIÓN DAS PANDERETEIRAS "ASOCIACIÓN DO TRAXE TRADICIONAL DE TUI" (09/01/2023)

Contamos coa actuación das pandereteiras, que nos fixeron cantar e bailar, alegrándonos a tarde.



ENTROIDO (17/02/2023)

A temática do Entroido deste ano foi “Os pingüíns de Amoralia”. Gozamos dunha deliciosa merenda de Entroido (orellas, filloas, flores...) e fixemos unha festa con baile.




FESTAS PATROAIS DE SAN TELMO (12/04/2023)

Nesta data contamos coa visita da “Coral do centro sociocomunitario de Tui”, que nos deleitou coa súa música e nos alegrou o día. Incluso nos atrevemos a cantar con eles.



DÍA DA NAI (28/04/2023)

Polo día da nai, fixemos unhas tarxetas de felicitación que os nosos usuarios levaron gustosamente para a casa.




DÍA DAS LETRAS GALEGAS (16/05/2023)

Fixemos un traballo no que resaltamos as palabras que máis nos gustan a cada un do noso idioma.

SAN XOÁN (23/06/2023)

Como xa é tradición en Amoralia, preparamos a nosa auga de San Xoán. Ademais escribimos en papeis o que cada un quería deixar atrás e queimámolos nunha pequena cacharela. Para concluír o día xogamos un bingo especial, no que os premios eran uns preciosos ramos feitos con herbas e flores de San Xoán, colleitadas por nós.



ANIVERSARIO (SETEMBRO)

Este ano Amoralia cumpriu 10 anos, unha década cargada de recordos. A celebración estendeuse ó longo de todo o mes de setembro, con diferentes actividades. Fixemos un vídeo festexando con todos os nosos usuarios, concurso de birlos, bingo, mímica, dinámica de “¿cal foi o cambio?”, e unha gran festa con baile, rosca, e complementos de festa para todo o mundo.



SAMAÍN (31/10/2023)

Mergullámonos na maxia de Samaín, decorando terroríficamente o centro. Degustamos unhas deliciosas bicas, con adornos do máis espeluznante. Non podía faltar o bingo especial, cheo de misterio e emoción.

NOITEBOA (22/12/2023)

A diversión estivo asegurada con panxoliñas e bingo especial. Ademais, estivemos moi pendentes do sorteo da Lotería de Nadal. Gozamos dunha boa merendola, con tronco de Nadal.



ACTUACIÓN DE NADAL (26/12/2023)

Contamos coa visita da “Coral Ponte das Febres”, de Ribadelouro, que nos amenizou a tarde cun pequeno concerto.

FIN DE ANO (29/12/2023)

A festa de fin de ano de Amoralia foi épica, cun “photocall” que nos deixou fotos para o recordo. Comemos as uvas ó son das campás, brindamos con “Champín” e fixemos un bingo especial no que se sortearon distintos produtos no Nadal.



BAILE (XOVES E VENRES)

Os xoves pola tarde e os venres pola mañá (quincenalmente e alternando coa musicoterapia) levamos a cabo o Taller de Baile. Os nosos usuarios escollen un tema e facemos unha coreografía, composta de pasos sinxelos e limitados (algúns deles propios do merengue, a salsa, bailes tradicionais...). Levamos a cabo unha contextualización do tema, un quecemento, o baile (repetímolo en varias ocasións) e estiramientos. Finalmente, facemos unha posta en común do realizado, e en ocasións, gravámolo para que os usuarios poidan velo e así facelos aínda máis partícipes da actividade.

O baile terapéutico permítenos usar o movemento e a música para traballar aspectos como o esquema corporal, a coordinación, o equilibrio, a lateralidade, a memoria, a forza, a secuenciación etc., que en moitos casos atópanse deteriorados e/o diminuídos.

Observamos que a utilización desta actividade lévanos a unha maior motivación, implicación e participación dos usuarios, debido ao gran potencial da música e o baile. Ademais melloran a autoestima e o estado de ánimo da persoa, xa que estamos a facer unha intervención de forma lúdica e divertida.

MUSICOTERAPIA (XOVES E VENRES)

Pola súa banda, os xoves pola tarde e os venres pola mañá (quincenalmente e alternando co baile) ten lugar o Taller de Musicoterapia. Previamente, as persoas usuarias escollen unha canción significativa para elas. Logo, cada día, preparamos a letra dunha e cantámola en grupo aproveitando para falar un pouco do/a intérprete, o estilo musical, o significado da letra, etc. Algún día incluimos instrumentos para amenizar a canción.



TALLER DE ESTIMULACIÓN DA MEMORIA (MARTES)

Tódolos martes, de 16h a 17h, faise un taller de memoria, cun grupo reducido (na actualidade de 13 persoas) no que traballamos diferentes capacidades cognitivas de forma máis individualizada: memoria (visual, auditiva, a corto prazo...), categorización, linguaxe, orientación temporoespacial, atención, concentración, etc.

A memoria é básica para o mantemento da calidade de vida, polo que se queremos lograr un envellecemento activo, debemos protexela. Entre os obxectivos destes talleres destacan:

- Mellorar as capacidades cognitivas.
- Retrasar o deterioro cognitivo.
- Favorecer a autonomía e independencia.
- Mellorar o estado de ánimo e aumentar a autoestima.
- Fomentar as relacións sociais e evitar situacións de illamento...
- Mellorar o estado de ánimo e aumentar a autoestima.



TALLER DE FORZA (MÉRCORES)

Esta actividade ten lugar os mércores pola mañá (de 12 a 12:45h) e pola tarde (de 16 a 17h). Realízase en pequenos grupos (máximo 10 persoas) empregando diferentes materiais como pesas, bandas elásticas, paralelas, pedaletas, pelotas etc.

Traballamos de forma individualizada (segundo o estado de saúde e a condición física) os seguintes aspectos:

- Forza.
- Flexibilidade.
- Coordinación e equilibrio.

Algúns dos obxectivos deste taller son:

- Mellorar a mobilidade e o funcionamento físico.
- Mellorar o rendemento e preservar a independencia no desempeño das actividades da vida diaria.
- Previr lesións e/o caídas.
- Mellorar o benestar psicosocial.

A práctica de exercicio físico, xunto cunha adecuada alimentación, permite mellorar e manter un corpo san, aumentando as capacidades funcionais diminuídas. Ao movernos conseguimos vencer ao sedentarismo, o illamento e a pasividade, orixe de trastornos e enfermidades que tanto limitan a nosa autonomía persoal e a nosa calidade de vida.



ANIVERSARIOS (PERIODICAMENTE)

Ó longo do ano celebramos os aniversarios de tódalas persoas usuarias do Centro de día Amoralia con torta, candeas, música...



ACTIVIDADES NO XARDÍN

Cando chega o bo tempo desfrutamos realizando diferentes talleres grupais no xardín, desde sesións de psicomotricidade e xerontoximnasia a estimulación cognitiva. Tamén se realizan xogos populares como a petanca, birlos etc., dinámicas que nos permiten gozar do sol e as boas temperaturas.

Ao proporcionar un lugar de encontro, facilitamos ademais as interaccións sociais, contribuindo significativamente á mellora na calidade de vida.



XESTIÓN DO TRANSPORTE

NÚMERO DE RUTAS Ó
DÍA A 31.12.23

7 RUTAS : 2 pola mañá, 2 a
mediodía e 3 pola tarde

NÚMERO DE USUARIOS CON
TRANSPORTE A 31.12.23

13

NÚMERO DE VEHÍCULOS Ó
DÍA A 31.12.23

1

MANUTENCIÓN

MODO DE XESTIÓN DO XANTAR

NÚMERO DE USUARIOS DO
CATERING A 31.12.23

28

GRACIAS.

CALLE VIRGEN DEL CAMINO, 6 (REBORDANES)
36700 TUI, PONTEVEDRA
986 60 51 52